


O IMPERIALISMO



IMPERIALISMO

A finais do século XIX as potencias industriais lanzáronse á ocupación e explotación do resto do mundo. Entre 1876 e 1914 a cuarta parte da superficie do planeta foi distribuída en forma de colonia entre media ducia de estados.

LES EMPIRES COLONIAUX EN 1914



Pays colonisateurs

	 Royaume-Uni		Italie
	France		Pays-Bas
	Espagne		Japon
	Portugal		Etats-Unis
	Allemagne		Empire Ottoman

IMPERIALISMO

causas económicas

A **búsqueda de materias primas, novos mercados e man de obra barata** foron factores importantes á hora de explicar a carreira imperialista da potencias capitalistas.



Compra de marfil no Congo francés, 1897



Peirao da Compañía das Indias do Leste en Londres, 1890

IMPERIALISMO

causas económicas



Plantación no Congo francés



Fábrica de algodón na India



Campo de petróleo en Iraq 1932

IMPERIALISMO

causas políticas

A febre colonizadora tamén se debeu á procura de lugares estratéxicos e dun prestixio político diante da opinión pública do propio país.



Apertura da Canle de Suez 1869



Selo da apertura da Canle de Pnamá 1914



Posesións británicas no Mediterráneo, 1851

IMPERIALISMO


causas políticas



Propaganda de Carne Liebig con estampas coloniais da Indochina francesa



Felicitación de Nadal baseada na Exhibición Colonial das Indias, Londres 1886



Pobos africanos exhibidos na Exposición de París 1889

- Eran un bo negocio as colonias, por que? para quen?
- Por que se mostraban en Europa os produtos e persoas das colonias? por que se utilizaban na publicidade?
- Que postura tiña a poboación europea ante o imperialismo? por que?
- Que sentirían as persoas das colonias expostas en París ou Londres?
- Por que son tan importantes as canles de Suez e Panamá?

IMPERIALISMO

causas demográficas

O crecemento da poboación europea fixo que moita xente emigrase. As colonias de poboamento foron o destino de moitos.



Saída de emigrantes cara Australia, Liverpool 1850



Granxeiro francés en Alxeria, 1880



Recibimento de emigrantes en Canadá 1880

IMPERIALISMO

causas ideolóxicas

Para moitos, a civilización branca era superior e debía civilizar aos *salvaxes* africanos e asiáticos. A relixión era unha peza fundamental desa suposta civilización superior.




THE LIGHT OF THE WORLD.



- Describe o que se representa nos carteis, que mensaxe pretenden transmitir? cres que os habitantes dos países europeos crían estas mensaxes?
- Cres que esa mensaxe era real? cales eran as verdadeiras intencións das metrópoles?

IMPERIALISMO

causas ideológicas



Bautizos en China




Misionero en África



IMPERIALISMO

causas culturais

Sociedades xeográficas e científicas fomentaron a exploración das terras descoñecidas polos europeos. A investigación científica agochaba en moitas ocasións a simple búsqueda de fortuna persoal.



Primeira misión en África de Brazza



Caderno de Brazza



A Misión Marchand na prensa francesa



Vacinación do Doctor Emily no Congo francés 1912

IMPERIALISMO

causas: a sátira



IMPERIALISMO

causas: a sátira




- Describa o contido dos debuxos das dúas diapositivas, identificando aos personaxes.
- Redacta un comentario, relacionando as caricaturas coas causas do colonialismo expostas nas diapositivas anteriores.

IMPERIALISMO

o reparto de África

Os países europeos só coñecían as costas africanas, controlando unha serie de enclaves ao longo das mesmas, como portos de abastecemento e factorías para comerciar co interior. Unha serie de exploracións seguindo as concas fluvias deron inicio ao reparto do continente.



IMPERIALISMO

África: exploración

Na segunda metade do século XIX, aventureiros e científicos europeos, levaron a cabo unha serie de expedicións que serviron para coñecer o territorio.



Posto colonial francés no Congo



Expedición de León de Poumayrac




Transporte en piragua


IMPERIALISMO

África: a Conferencia de Berlín

En 1885, na Conferencia de Berlín, as potencias europeas deciden o reparto do continente africano, acordando que só a ocupación efectiva outorga o dereito de posesión.



Caricatura do reparto de África, 1887



Caricatura de Bismarck na Conferencia de Berlín


IMPERIALISMO

África: a conquista


A superioridade tecnolóxica e militar dos europeos fixo que a conquista non fose difícil.



Ferrocarril no Congo francés



Tropas británicas entrando nun poboado kumasi



Reis ashanto renden pleitesía aos británicos

IMPERIALISMO

África: a conquista



A moderna civilización europea



A carga dos homes brancos, 1909

IMPERIALISMO

África: guerras coloniais

Os intereses franceses e británicos acabaron provocando a batalla de Fashoda, coa retirada dos franceses. En África do Sur os boers, descendentes dos colonos holandeses, tamén foron derrotados polos británicos.



Fachoda 1898





Guerra anglo-boer (1899-1902)

IMPERIALISMO

África: colonias españolas

O anaco da tarta africana que lle tocou a España limitouse á colonia do Sahara e a Guinea Ecuatorial. Máis tarde tamén lle concederon o Protectorado do norte de Marrocos.



IMPERIALISMO

Asia

As civilizacións asiáticas tampouco puideron resistir o imperialismo das potencias. O expansionismo ruso en Siberia, a intensificación do dominio británico na India e a apertura do Imperio Chino ao comercio colonial foron algúns dos fitos do proceso.



IMPERIALISMO


Asia: colonización de Siberia

A expansión rusa afectou fundamentalmente a Siberia, unha terra virxe aberta á emigración e, tamén, onde se estableceron colonias penitenciarias. En 1904 inaugurouse o transiberiano.



THE ANGLO-RUSSIAN TROUBLE.
Something else to "smash."

Conflicto anglo-ruso en Afganistán 1885



Ponte no Amur 1913



Estación de Vladivostok 1907



Prisioneiros rusos en Siberia 1886


IMPERIALISMO

Asia: a 'xoia da coroa' británica


A India era a colonia británica máis importante. A rebelión dos cipayos en 1857 provocou a transferencia da administración da Compañía das Indias Orientais substituíse pola directa da Coroa.



Cipayos s. XIX



Caricatura da colonización da India



Coronación de Xurxo V na India 1911

IMPERIALISMO

Asia: abertura do Imperio chinés

O Imperio chinés foi obrigado a abrir o seu mercado ás potencias europeas despois das Guerras do Opio (1839-1842), aumentando progresivamente a penetración económica europea no Imperio, provocando a revolta dos *boxers* en 1900.



Batalla das Guerras do Opio (1839-1842)



Estranxeiros capturados polos boxers 1900



Hong Kong, s. XIX



Boxeres detidos 1900

IMPERIALISMO

Estados Unidos: o gran garrote

A partir de 1898 a expansión de EE UU céntrase no control do Caribe (o ‘patio de atrás’). Despois da vitoria fronte aos españois que deixa nas súas mans Cuba, Puerto Rico e Filipinas as intervencións sucedéronse. En 1903 provoca a secesión de Panamá para controlar a canle.



The big stick, diplomacy



Manobras para controlar a Canle 1903



A STUDY-IMPERIALISM

Un estudio do Imperialismo 1898

IMPERIALISMO

Indíxenas e colonizadores


A imposición do dominio colonial do dominio colonial provocou cos antigos soberanos se pregasen á colaborar co novo poder, mesmo adoptando os costumes occidentais.



Reis do Congo: Pedro VII e Dna. Isabel



Rei Faruk de Exipto 1920



Rei Moka de Malabo e seus fillos 1924

IMPERIALISMO

Indíxenas e colonizadores

Asinábanse acordos que os colonizadores só cumprían se lles conviña.



Intercambio do sangue no Congo francés 1883-5




Sinatura do Tratado de Waitangi en Nova Zelanda, 1840; Marcus King 1938

IMPERIALISMO

Indíxenas e colonizadores

Os indíxenas convertéronse en man de obra escravizada, servos ao servizo dos brancos.



Construcción dunha ruta na selva do Congo



Porteadores en ruta




A derradeira viaxe de Savorgnan de Brazza, 1912

IMPERIALISMO

Indíxenas e colonizadores


As rebelións indíxenas non tiveron éxito ante a superioridade militar da metrópole.



A lección dos zulúes, 1879



Abaixo co imperialismo, Afganistán 1878



Masacres do Congo, 1907

IMPERIALISMO

Indíxenas e colonizadores

A rebelión dos cipayos hindúes contra o dominio británico foi duramente reprimida, pero o nacionalismo acabou cristalizando coa fundación do Congreso Nacional en 1885.



Execución dos cipayos rebeldes



Participantes na fundación do Congreso Nacional indio, 1885

IMPERIALISMO

Indíxenas e colonizadores

Os indíxenas perderon a súa identidade, mentres os brancos desfrutaban da doce vida nas colonias.



Lord e Lady Courzon cun tigre de Bengala, 1903



Hotel de Nairobi, 1936

